

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA  
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O VENRES, DÍA 9 DE  
NOVEMBRO DE 2018**

---

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 10:00 horas do venres día 9 de novembro de 2018, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Director sobre a reunión convocada pola Secretaría Xeral de Universidades do 30 de outubro.

**ASISTEN OS SEÑORES:**

**PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE**

Baldomir García	Aitor
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Pérez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Pérez Pérez	Ignacio
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo

o

Romera Rodríguez	Luis Esteban
Taboada Vázquez	Raquel
Varela García	Francisco Alberto

**RESTANTES CATEGORÍAS PDI**

Couceiro Aguiar	Iván
Martínez Díaz	Margarita
Ramírez Palacios	Luis

**ESTUDANTES**

Alonso Rodríguez	Pablo
Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Prada Varela	Alexandre Ismael
Sotelo Domínguez	Luis
Souto Amigo	Alba
Vázquez Varela	Miguel Ángel

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	María Pilar
Recarey Buño	María José
Vázquez González	Julia

**EXCUSAN:**

Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Martínez Abella	Fernando
Montenegro Pérez	Luis
Novales Ordax	Margarita
Peña González	Enrique
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Rodríguez Pasandín	Ana María

Preside a sesión o Dr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Dr. Luis Ramírez.

**1. Informe do Director sobre a reunión convocada pola Secretaría Xeral de Universidades do 30 de outubro.**

O Director comeza explicando o interese da Secretaría Xeral de Universidades para reunirse coas titulacións duplicadas con baixa e alta demanda. A convocatoria chega a través da vicerreitora de Oferta Académica e non inclúe orde do día. As titulacións con baixa demanda que foron convocadas foron: por parte da UDC o Grao en Enxeñaría de Obras Públicas, da USC o grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, o grao de

Enxeñaría Forestal e de Medio Natural e o grao en Enxeñaría Civil, e por parte da UVigo o Grao en Enxeñaría Forestal e o Grao de Enxeñaría Agraria. Á reunión asistiron por parte da UDC a vicerreitora de Oferta Académica e a súa adxunta, e en representación do Director da Escola que non puido asistir á reunión o Subdirector da Escola, Dr. José París e o xefe de Estudos, Dr. Aitor Baldomir,.

O Director cede a palabra ao Subdirector e ao xefe de estudos para que expliquen o transcurso da reunión. O Subdirector explica os asistentes a reunión: o secretario xeral de universidades xunto a dous adxuntos, e representantes da distintas titulacións afectadas. Dende a Secretaría queren manifestar que non queren impoñer ningunha solución nin pechar titulacións e que buscan unha racionalización de forma consensuada con tódalas partes, tanto centros como universidades, como por exemplo a reconversión de títulos e os graos interuniversitarios. Acto seguido cedese a palabra aos vicerreitores e directores da titulacións afectadas. Dende a Politécnica de Lugo poñen de manifesto a súa mala experiencia con graos interuniversitarios e que están predispostos ao diálogo. A vicerreitora de Oferta Académica da UDC pon de manifesto a recente concesión, sen prescricións, do selo de calidade EUR-ACE e indica que non se plantea facer cambios na titulación afectada. Tamén manifesta a súa predisposición ao diálogo e colaboración. Un posible acordo podería ser o recoñecemento de materias entre graos para facilitar a mobilidade dos estudantes.

Dende a Secretaría Xeral de Universidades instouse a formar subcomisións cos vicerreitores e directores das titulacións convocadas á reunión.

## **2. Quenda aberta de palabra**

O profesor Jordi Delgado pregunta sobre o estado da comisión de Estudo e Análise Estratéxico da Escola. O Director responde que dende a súa constitución, febreiro deste mesmo ano, a Comisión reuniuse catro veces. Ata o momento recibéronse datos sobre as titulacións da Escola e das diferentes titulacións existentes en España e a súa evolución ao longo dos cursos. Fixéronse e analizáronse enquisas aos estudantes, egresados e empregadores. Na reunión do mes de xullo propuxéronse unha serie de iniciativas e melloras a facer na Escola, estas medidas foron remitidas á Escola por parte do Director a comezos do mes de setembro. O Director volverá a convocala nos próximos días.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 10:25 horas do venres día 9 de novembro de 2018.

**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Luis Ramírez Palacios**  
**Secretario Académico**

**Vº. Bº.**